**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, ANUNCIADA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO Nº 227 DE DATA 03/10/2011.**

**ANUNCIO**

**PRIMEIRO EXERCICIO (PROBA TIPO TEST)**

En sesión celebrada o 22 de novembro de 2017, o Tribunal, en acto publico, procedeu a apertura do sobre etiquetado "Tarxetas de Control" do primeiro exercicio do proceso selectivo arriba indicado, resultando as seguintes **puntuacións provisionais** dos aspirantes presentados:

| Nº DE CONTROL | Nome do aspirante | PUNTUACIÓN OBTIDA |
|---|---|---|
| 2 | Yolanda Felpeto Prado | 2 |
| 3 | Mª Pilar Ferreiro Villar | 15,10 |
| 4 | Iria Gonzalez Fernández | 13,90 |
| 7 | Jose Gomez Fermández | 12,10 |
| 8 | Olaf Ramos Perez | 13,40 |
| 9 | Cristina Yañez Ces | 14,70 |
| 12 | Miguel Rodriguez Cabañas | 8,10 |

O Tribunal acordou, por unanimidade, a publicación deste acordo no Taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde así como na páxina web do concello, así como o cuestionario tipo test e a folla de respostas.

Así mesmo abrése un prazo de periodo de alegacións de **10 dias habiles**, a contar dende a publicación deste anuncio.

Contra as resolucións, e os actos de trámite deste Tribunal, si estes últimos deciden directa o indirectamente no fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión o prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Alcalde-Presidente do Concello de Castroverde ou ante este Tribunal no prazo dun mes.

Castroverde, a 22 de novembro de 2017.

O Presidende do Tribunal Cualificador

Asdo. Jose Lopez-Cancelos Rodríguez

A Secretaria do Tribunal Cualificador

Mª Pilar

Asdo.: Pilar López Lázare

| Nº CONTROL | |
|---|---|

# FOLLA DE RESPOSTAS

| Nº | OPCIÓN CERTA | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | | ☐ B | | |
| 2 | ☐ A | | | |
| 3 | | | | ☐ D |
| 4 | | | | ☐ D |
| 5 | | ☐ B | | |
| 6 | | | | ☐ D |
| 7 | | | ☐ C | |
| 8 | | | ☐ C | |
| 9 | | ☐ B | | |
| 10 | | ☐ B | | |
| 11 | ☐ A | | | |
| 12 | | ☐ B | | |
| 13 | | | ☐ C | |
| 14 | | ☐ B | | |
| 15 | | | | ☐ D |
| 16 | | ☐ B | | |
| 17 | ☐ A | | | |
| 18 | | | ☐ C | |
| 19 | | ☐ B | | |
| 20 | | | ☐ C | |
| 21 | | ☐ B | | |
| 22 | | ☐ B | | |
| 23 | | | | ☐ D |
| 24 | | | | ☐ D |
| 25 | | | | ☐ D |
| 26 | | | | ☐ D |
| 27 | ☐ A | | | |
| 28 | | | | ☐ D |
| 29 | | | | ☐ D |
| 30 | | | ☐ C | |
| 31 | | | ☐ C | |
| 32 | | | | ☐ D |
| 33 | | ☐ B | | |
| 34 | | | | ☐ D |
| 35 | | ☐ B | | |
| 36 | ☐ A | | | |
| 37 | | ☐ B | | |
| 38 | | | | ☐ D |
| 39 | | | ☐ C | |
| 40 | ☐ A | | | |

| Nº | OPCIÓN CERTA | | | |
|---|---|---|---|---|
| 41 | | | ☐ C | |
| 42 | | | | ☐ D |
| 43 | | | | ☐ D |
| 44 | | ☐ B | | |
| 45 | | | | ☐ D |
| 46 | | | ☐ C | |
| 47 | ☐ A | | | |
| 48 | | | ☐ C | |
| 49 | | ☐ B | | |
| 50 | ☐ A | | | |
| 51 | | ☐ B | | |
| 52 | ☐ A | | | |
| 53 | | | | ☐ D |
| 54 | ☐ A | | | |
| 55 | | ☐ B | | |
| 56 | ☐ A | | | |
| 57 | ☐ A | | | |
| 58 | | | | ☐ D |
| 59 | | | ☐ C | |
| 60 | | | | ☐ D |
| 61 | | | | ☐ D |
| 62 | | | ☐ C | |
| 63 | | ☐ B | | |
| 64 | | ☐ B | | |
| 65 | ☐ A | | | |
| 66 | | ☐ B | | |
| 67 | | | ☐ C | |
| 68 | | | | ☐ D |
| 69 | | | | ☐ D |
| 70 | ☐ A | | | |
| 71 | | | ☐ C | |
| 72 | | | ☐ C | |
| 73 | | | | ☐ D |
| 74 | | ☐ B | | |
| 75 | | ☐ B | | |
| 76 | | | | ☐ D |
| 77 | ☐ A | | | |
| 78 | | ☐ B | | |
| 79 | | | | ☐ D |
| 80 | | ☐ B | | |

| Nº | OPCIÓN CERTA | | | |
|---|---|---|---|---|
| 81 | | ☐ B | | |
| 82 | | | | ☐ D |
| 83 | ☐ A | | | |
| 84 | | | | ☐ D |
| 85 | | ☐ B | | |
| 86 | | | | ☐ D |
| 87 | | ☐ B | | |
| 88 | | ☐ B | | |
| 89 | | | | ☐ D |
| 90 | | ☐ B | | |
| 91 | | | | ☐ D |
| 92 | | | | ☐ D |
| 93 | | | ☐ C | |
| 94 | ☐ A | | | |
| 95 | | | | ☐ D |
| 96 | | | | ☐ D |
| 97 | | | ☐ C | |
| 98 | ☐ A | | | |
| 99 | | | | ☐ D |
| 100 | ☐ A | | | |

| Nº | OPCIÓN CERTA | | | |
|---|---|---|---|---|
| R1 | | | | ☐ D |
| R2 | | | ☐ C | |
| R3 | | | | ☐ D |
| R4 | ☐ A | | | |
| R5 | ☐ A | | | |
| R6 | | ☐ B | | |

1. Non está garantido pola Constitución o principio de:
    a. Xerarquía normativa
    b. Retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables
    c. Seguridade xurídica
    d. Legalidade

2. Que título da Constitución Española indica "De las relaciones entre el Gobierno y las Cortes Generales"
    a. O título V
    b. O título IV
    c. O título III
    d. O título VI

3. A aconfesionalidade do Estado significa:
    a. Este non recoñece ningunha confesión
    b. So pode recoñecer a confesión relixiosa maioritaria
    c. Non pode establecer relacións oficiais con confesións relixiosas
    d. Ten que manterse a marxe de calquera recoñecemento dunha relixión como oficial

4. Os dereitos recoñecidos nos artigos 39 a 52 da Constitución:
    a. Son susceptibles de recurso de amparo
    b. Poden ser alegados na vía da protección xurisdicional dos dereitos fundamentais
    c. Protexense ante unha xurisdición especializada
    d. So poden alegarse ante a xurisdición ordinaria

5. O dereito a entrar e saír de España pódese limitar por:
    a. Motivos políticos e ideolóxicos
    b. Comisión dun delito no territorio español
    c. Xenofobia
    d. Calquera dos anteriores casos

6. O dereito á tutela xudicial implica
    a. Un xuíz predeterminado por lei
    b. Á defensa asistida por letrados
    c. O dereito a ser informado da acusación formulada, garantindo un proceso público sen dilatacións indebidas, e a utilizar os medios de proba pertinentes para a súa defensa
    d. Todas as respostas anteriores son correctas

7. Os tribunais de honor en España, no ámbito da Administración civil:
    a. Convócanse para outorgar algún tratamento ou recompensa honorífica a un ciudadán
    b. Están integrados por personalidades con títulos nobiliarios
    c. Están prohibidos
    d. Son unha manifestación dos medios de fomento honoríficos

8. A inviolabilidade do Rei debe entenderse como:
    a. Irresponsabilidade
    b. Traspaso de responsabilidades en quenes refrendan os seus actos
    c. Inmunidade fronte a leis penais
    d. Permisividade dos seos actos politicos

9. As sesións plenarias serán publicas, salvo que cada Cámara das Cortes acorde o contrario por:
    a. Maioría simple ou segundo o regulamento
    b. Maioría absoluta ou segundo o regulamento
    c. Maioría de dous tercios
    d. Sempre serán públicas

10. Os deputados poderán presentar emendas durante un prazo de:
    a. Trinta días
    b. Quince días
    c. Vinte días
    d. Dez días

11. Segundo a Constitución, o Goberno exerce:
    a. A función executiva e a potestade regulamentaria
    b. A función lexislativa e executiva
    c. A potestade regulamentaria e lexislativa
    d. A función executiva, a potestade regulamentaria e lexislativa

12. Quen coordina a acción dos Ministerios interesados nunha mesma materia
    a. O Presidente do Goberno
    b. As comisións delegadas do Goberno
    c. O Delegado do Goberno
    d. As respostas a) e c) son correctas

13. O estatuto de autonomía de Galicia foi aprobado por lei Orgánica de data
    a. 1 de abril de 1990
    b. 4 de abril de 1982
    c. 6 de abril de 1981
    d. 8 de abril de 1983

14. A proposta de reforma do estatuto de autonomía de Galicia require a aprobación do Parlamento galego por maioría
    a. De tres quintos
    b. De dous tercios
    c. Absoluta
    d. De dous quintos

15. É un membro da Xunta de Galicia
    a. O Presidente
    b. O Vicepresidente
    c. Os Conselleiros
    d. Tódalas respostas anteriores son correctas

16. Para ser elixido Presidente da Xunta de Galicia, o candidato deberá, en primeira votación obter:
    a. Maioría simple
    b. Maioría absoluta
    c. Maioría de tres quintos
    d. Maioría de dous terzos

17. A regulación das bases do réxime xurídico das Administracións públicas e unha competencia de:
    a. O Estado
    b. As Comunidades autónomas respectivamente
    c. O Ministerio de Política Territorial
    d. O Goberno da Nación

18. A potestade regulamentaria da Administración Pública é controlada por:
    a. O Goberno
    b. O Tribunal Constitucional
    c. Os Tribunais
    d. As Cortes Xerais

19. Atopámonos diante dunha potestade regulada cando a Administración:
    a. Ten liberdade de elección á hora de actuar
    b. Limítase a aplicar a norma ó caso concreto
    c. Efectúa unha interpretación de carácter subxectivo
    d. Dita un acto alongándose das normas

20. Aquelas institucións ou forzas sociais con capacidade para crear ou producir normas xurídicas son fontes no sentido:
    a. Legal
    b. Formal
    c. Material
    d. Substancial

21. A administración local forma parte da administración:
    a. Do Estado
    b. Pública
    c. Periférica
    d. Central

22. A Constitución garante a autonomía dos Concellos no artigo:
    a. 138
    b. 140
    c. 141
    d. 142

23. O goberno e a administración dos Concellos corresponde a:
    a. Os alcaldes
    b. Os concelleiros
    c. O pleno
    d. O alcalde é os concelleiros

24. As entidades locais teñen o deber de remitir copia ou extracto dos actos e acordos das mesmas a:
    a. O Goberno
    b. O Ministerio de Administracións Públicas
    c. As Cortes Xerais
    d. A administración do Estado e a da Comunidade Autónoma respectiva

25. Os actos administrativos deben ser motivados cando:
    a. Limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos
    b. Resolvan procedementos de arbitraxe
    c. Resolvan procedementos de revisión de oficio
    d. Toda las respostas anteriores son correctas

26. Un acto xeral debe:
    a. Notificarse ós interesados
    b. Ter un contido normativo
    c. Elaborarse por órgano colexiado
    d. Publicarse

27. Se se produce unha actuación administrativa fora de tempo, dará lugar:
    a. Á anulabilidade, cando así o impoña a natureza do término ou prazo
    b. Á nulidade, cando así o impoña a natureza do término ou prazo
    c. Á irregularidade, cando así o impoña a natureza do término ou prazo
    d. Á suspensión, cando así o impoña a natureza do término ou prazo

28. O procedemento administrativo pode iniciarse:
    a. De oficio ou por denuncia
    b. De oficio ou por acordo do órgano competente
    c. De oficio ou por orde superior
    d. De oficio ou a instancia de parte interesada

29. Á notificación deberá conter:
    a. O texto integro da resolución
    b. O órgano ante o que deben presentarse os recursos
    c. O prazo para interpor recursos
    d. Toda las respostas anteriores son correctas

30. Que pon fin á vía administrativa:
    a. O interese xeral
    b. O interese particular
    c. A resolución
    d. O interese individual

31. Os actos que son previos á resolución dun expediente administrativo denomínanse:
    a. Definitivos
    b. De simple trámite
    c. De trámite
    d. Negociables

32. Cal é causa de inadmisión dun recurso administrativo:
    a. Carecer de lexitimidade o recurrente
    b. Recurso fora de prazo
    c. Carecer o recurso manifestamente de fundamento
    d. Todas as respostas anteriores son correctas

33. É necesario solicitar licenza urbanística para construír un muro de contención
    a. Si, sempre
    b. Depende da altura
    c. Depende da lonxitude
    d. Depende da altura ou da lonxitude

34. Nunha moción de censura contra ó presidente dun concello, pode ser candidato:
    a. Calquera cabeza de lista
    b. Calquera portavoz dun grupo político
    c. O Tenente Alcalde
    d. Calquera membro da Corporación

35. Quen está facultado para outorgar unha licenza urbanística de obras.
    a. En solo urbano ou núcleo rural, o Concello e en solo rústico a Consellería de Medio ambiente
    b. En todo tipo de obras, o Concello
    c. Cando afecta a bens patrimoniais protexidos, a Consellería de Cultura.
    d. Cando afecta a cauces de ríos, a Confederación Hidrográfica que lle corresponda

36. Cando non é inmediatamente executable un acto administrativo:
    a. Cando unha disposición estableza o contrario
    b. Sempre son executables
    c. Os actos administrativos nunca son executables
    d. As respostas a) e c) son correctas

37. Son anulables:
    a. Os actos expresos ou presuntos contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiren dereitos cando non se teñan os requisitos necesarios para a súa adquisición
    b. Os actos que incurran en calquera infracción do ordenamento xurídico
    c. Os actos constitutivos de infracción penal
    d. Todas as respostas anteriores son correctas

38. Cando se practica á notificación por medio de anuncios
    a. Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos
    b. Cando se ignore o lugar da notificación ou o medio
    c. Cando, intentada a notificación, non se poido practicar
    d. Todas as respostas anteriores son correctas

39. Á publicación substituirá á notificación:
    a. Cando o acto teña por destinatario a unha soa persoa
    b. Cando se trate de actos penais
    c. Cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas
    d. Á publicación non substituirá á notificación en ningún caso

40. Un acto de contido imposible é:
    a. Nulo de pleno dereito
    b. Anulable
    c. Ilegal
    d. Irregular

41. Cando os interesados sexan descoñecidos
    a. A notificación do acto farase por medio de anuncios no taboleiro de edictos do Concello, unicamente
    b. A notificación do acto farase por medio de anuncios no periódico de maior tirada
    c. A notificación do acto realizarase mediante anuncio no Boletín Oficial do Estado
    d. Declararase concluído é caducado o procedemento

42. Toda notificación deberá cursarse no prazo de:
    a. Cinco días a partir da data na que o acto foi ditado
    b. Sete días a partir da data na que o acto foi ditado
    c. Quince días a partir da data na que o acto foi ditado
    d. Dez días a partir da data na que o acto foi ditado

43. O nome dos municipios de nova creación so terá carácter oficial cando tras ser inscritos no Rexistro das Entidades Locais da Administración do Estado, sexan publicados
    a. No Boletín Oficial da Provincia
    b. No Boletín Oficial da Comunidade
    c. No taboleiro de edictos do Concello
    d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

44. A alteración dos lindes municipais
    a. Poderá supoñer modificación dos lindes provinciais
    b. Requiren ditame previo do Consello de Estado ou do órgano consultivo superior da respectiva Comunidade Autónoma
    c. Requiren autorización da Administración do Estado
    d. Esixen comunicación ás Cortes Xerais

45. Non é un elemento do Municipio
    a. O territorio
    b. A poboación
    c. A organización
    d. A xestión

46. A formación, mantemento e revisión do Padrón corresponde a:
    a. O Estado
    b. A Comunidade Autónoma
    c. O Concello respectivo
    d. O Alcalde

47. A poboación do Concello está constituída por:
    a. Todas as persoas inscritas no Padrón Municipal
    b. Todas as persoas que viven no Municipio
    c. Os domiciliados que vivan no Municipio
    d. Os domiciliados e estranxeiros que viven no Municipio

48. Cal é un servizo que debe prestar calquera Concello
    a. Protección civil
    b. Biblioteca pública
    c. Rede de sumidoiros
    d. Parque público

49. A aprobación das ordenanzas municipais, correspóndelle a:
    a. Xunta de goberno local
    b. Pleno do Concello
    c. O Alcalde por delegación do Pleno
    d. As respostas b) e c) son correctas

50. É unha atribución do Pleno da Corporación
    a. Controlar os órganos de goberno
    b. Dirixir o goberno municipal
    c. Inspeccionar os servizos municipais
    d. Dirixir a administración municipal

51. Os sábados non festivos considéranse como días habiles
    a. Si
    b. No
    c. So para notificacións
    d. So para reclamacións

52. O pleno constitúese coa presenza dun tercio do número legal de concelleiros, requiríndose a asistencia de:
    a. O presidente e o secretario
    b. O presidente
    c. O secretario
    d. O presidente e os funcionarios de habilitación nacional

53. Das institucións xurídicas seguintes, ¿ cal delas non afecta ó alcalde?
    a. A moción de censura
    b. A cuestión de confianza
    c. A dimisión
    d. Todas elas afectan ó alcalde

54. A xefatura da policía municipal corresponde:
    a. Ó alcalde
    b. Á xunta de Goberno
    c. Ó pleno
    d. Á comisión de persoal

55. O mandato das corporacións locais será de:
    a. Cinco anos
    b. Catro anos
    c. Oito anos
    d. Ata que a Comunidade Autónoma respectiva convoque novas eleccións locais

56. Que funcións do alcalde pode delegar
    a. Ordenar á publicación, execución e facer cumprir os acordos
    b. Exercer a xefatura da policía municipal
    c. Ditar bandos
    d. Separación do servizo dos funcionarios

57. A dirección, impulso e inspección dos servizos, ¿ a que órgano corresponde ?
    a. Ó alcalde
    b. Á Xunta de Goberno
    c. Ó pleno
    d. Á area de persoal

58. Os contratos do sector público poden ter carácter:
    a. Administrativo
    b. Mercantil
    c. Privado
    d. As respostas a) e c) son correctas

59. Os contratos que celebren as administracións públicas deberán formalizarse en documento:
    a. Privado
    b. Mercantil
    c. Administrativo
    d. Refrendado

60. Considéranse contratos menores de obras aqueles co importe inferior a:
    a. 12.000 euros
    b. 18.000 euros
    c. 30.000 euros
    d. 50.000 euros

61. Para un contrato de obra por importe de 60.000 euros, que procedemento de adxudicación se pode empregar
    a. Aberto
    b. Negociado sen publicidade
    c. Negociado con publicidade
    d. Pódese empregar calquera dos anteriores

62. Dos seguintes casos cando se pode adxudicar directamente un contrato de subministros
    a. Importe de 48.000 euros
    b. Importe de 18.000 euros
    c. Importe de 16.000 euros
    d. Importe de 20.000 euros

63. A publicidade dun contrato menor de obra ¿ pódese publicar no perfil do contratante ?
    a. Si, posto que é obrigatorio
    b. Si, se o decide o órgano de contratación
    c. Si, por ser un contrato menor
    d. Todas as respostas anteriores son correctas

64. ¿A licenza urbanística é un acto administrativo?
    a. Non, soamente e un permiso de construción
    b. Si xa que se corresponde con un acto administrativo
    c. Soamente as ordes de execución son actos administrativos
    d. Non existe o que se chama licenza urbanística

65. Con que maioría deben aprobarse as Ordenanzas fiscais
    a. Simple
    b. Absoluta
    c. E competencia do Alcalde
    d. E competencia da Xunta de Goberno

66. Os regulamentos locais ¿son fontes de dereito?
    a. Non
    b. Si, son fontes autónomas
    c. Si, son fontes heterónomas
    d. Si, pero soamente os executivos

67. Os bandos serán ditados exclusivamente:
    a. Polo Pleno
    b. Pola Xunta de Goberno
    c. Polo Alcalde
    d. Polo Subdelegado do Goberno

68. As ordenanzas reguladoras dos aproveitamentos de bens comunais serán aprobadas:
    a. Polo presidente da Corporación
    b. Polo Pleno
    c. Pola Xunta de Goberno
    d. Polas Comunidades autónomas

69. O Alcalde pode aprobar regulamentos
    a. Soamente os de policía e bo goberno
    b. Soamente os que teña delegados
    c. Soamente os urxentes
    d. Non

70. Cantos deputados ó parlamento galego se elixen pola provincia de Lugo
    a. 14
    b. 15
    c. 16
    d. 17

71. Cantos membros ten a mesa do parlamento de Galicia
    a. 3
    b. 4
    c. 5
    d. 6

72. Antes da aprobación definitiva do orzamento, este expoñerase ó público durante:
    a. 20 días
    b. 25 días
    c. 15 días
    d. 10 días

73. O detalle dos créditos orzamentarios presentarase, como mínimo, a nivel de:
    a. Capítulos de programa de gasto
    b. Artigos de programa de gasto
    c. Conceptos de programa de gasto
    d. Grupos de programa de gasto

74. O orzamento xeral das entidades locais entrará en vigor:
    a. Unha vez aprobado
    b. No exercicio correspondente unha vez aprobado
    c. Cando se consolida o consenso necesario
    d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

75. Non é un anexo ó orzamento xeral
    a. Os plans e programas de inversión e financiación
    b. O estado de revisión
    c. O estado de consolidación
    d. Os programas anuais de actuación, inversións e financiación das sociedades mercantís que teña como único partícipe a entidade local

76. A copia do orzamento e das súas modificacións deberá estar a disposición do público:
    a. Dende a entrada en vigor ata a finalización do exercicio
    b. Non é obrigatorio
    c. Dende a entrada en vigor ata a finalización do exercicio seguinte
    d. Dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio

77. Nos créditos para gastos correntes incluiranse:
    a. Os de funcionamento dos servizos
    b. Os de transferencia de capital
    c. As variacións de pasivos financeiros
    d. As inversións reais

78. Contra á aprobación definitiva do orzamento poderase interpor
    a. Recurso de revisión
    b. Directamente recurso contencioso administrativo
    c. Recurso de alzada
    d. Recurso de apelación

79. Para poder outorgar unha licencia urbanística que é preceptivo
    a. Informes técnicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística
    b. Informes xurídicos municipais sobre a súa conformidade coas legalidade urbanística
    c. Non é obrigatorio a necesidade destes informes
    d. Son obrigatorios os das respostas a) e b)

80. Unha vez presentada a autorización previa e cumprindo todos os requisitos:
    a. Deberase informar ó Concello de que autorice o inicio da actividade
    b. Pódese abrir o establecemento e iniciar a actividade
    c. Dentro dos dous meses seguintes, ten que solicitar ó Concello a inspección das instalacións
    d. Ningunha das anteriores é correcta

81. É necesaria unha comunicación previa cando se cambia a titularidade dunha actividade en funcionamento
    a. Non
    b. Si
    c. Soamente se a actividade está suxeita a avaliación de incidencia medioambiental
    d. Soamente basta con indicar nunha instancia ó Concello o nome do novo titular

82. Cando non é necesario solicitar licenza municipal de obra
    a. Entronque de auga na rede de abastecemento municipal
    b. Construción dun "pendello" para a leña, feito con 4 columnas de madeira e teito de pizarra
    c. Cambiar o azulexo da cociña ou dos aseos da vivenda
    d. Ningunha das anteriores está suxeita á obtención de licenza municipal de obra

83. Cando é necesario solicitar autorización previa á Xunta de Galicia para poder obter unha licenza de obra en solo cualificado como rústico
    a. Construción dunha vivenda vinculada a explotación agrícola gandeira
    b. Construción dun almacén vinculado a explotación agrícola gandeira
    c. Construción dun invernadoiro vinculado a explotación agrícola gandeira
    d. Todas as anteriores necesitan autorización previa da Xunta de Galicia

84. Que documentación non é esixible na presentación dunha comunicación previa para unha obra
    a. Data de inicio e finalización das obras
    b. Descrición técnica das caracteristicas do acto de que se trate ou, de ser o caso, proxecto técnico legalmente esixible
    c. Xustificante do pagamento dos tributos municipais
    d. Todas as anteriores son esixibles

85. Nunha comunicación previa para facer unha obra, con que antelación ten que facer esa comunicación ó Concello
    a. Un mes
    b. Quince días habiles
    c. Dez días habiles
    d. As obras están suxeitas a licenza e non a comunicación previa

86. Contra unha disposición administrativa de carácter xeral e posible impoñer o seguinte recurso de administrativo
    a. Alzada
    b. De revisión
    c. De oficio
    d. Ningunha das anteriores é certa

87. Contra os actos firmes en vía administrativa o único recurso administrativo que se pode interpoñer é:
    a. O de reposición
    b. O extraordinario de revisión
    c. O de alzada
    d. Ningún

88. O prazo de interposición do recurso de alzada é de:
    a. 15 días
    b. Un mes, se o acto recorrido é expreso
    c. 2 meses
    d. Non existe este tipo de recurso

89. Para plantexar un recurso administrativo:
    a. Hai que ter capacidade xurídica sen requirirse a capacidade de obrar
    b. Basta coa capacidade de obrar
    c. Requírese sempre, ser titular dun dereito subxectivo afectado polo acto que se recorre
    d. Ten que ostentarse a condición de interesado

90. O prazo para interpor unha reclamación económico administrativa dende que se notificou o acto.
    a. 2 meses
    b. 1 mes
    c. 15 días
    d. 30 días

91. Cantas disposicións transitorias contén a Constitución Española
    a. 1
    b. 3
    c. 4
    d. 9

92. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia Emanan de:
    a. O Estatuto
    b. O Pobo
    c. A Constitución
    d. Todas as respostas anteriores son correctas

93. Segundo quen os dita, os regulamentos poderán ser:
    a. Públicos e privados
    b. Únicos e múltiples
    c. Estatais, autonómicos, locais e institucionais
    d. Políticos e institucionais

94. Os regulamentos que responden á necesidade de completar e desenvolver a lei na que se apoian, denomínanse:
    a. Executivos
    b. Independentes
    c. De necesidade
    d. De organización

95. Son recursos administrativos:
    a. O de alzada e o extraordinario de revisión
    b. O de alzada e os contencioso administrativo
    c. O potestativo de reposición
    d. As respostas a) e c) son correctas

96. Como se denominan os contratos que teñen por obxecto a adquisición de produtos de bens mobles
    a. Contratos de compravenda
    b. Contratos privados
    c. Contratos de produción
    d. Contratos de subministros

97. Indicar que tipo de contrato sería a contratación da construción dunha ponte
    a. Contrato de obras públicas
    b. Contrato de servizos
    c. Contrato de obras
    d. Contrato de concesión de obras públicas

98. Son funcións exclusivas do Pleno
    a. A aprobación do Regulamento Orgánico e das Ordenanzas
    b. Conceder medallas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos
    c. Ordenar pagos
    d. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria

99. Que actos non están suxeitos á obtención de licenza urbanística
    a. Construción dunha vivenda
    b. As parcelacións
    c. Os grandes movementos de terras
    d. Todas as anteriores están suxeitos a licenza urbanística

100. A través do estado de dereito, que se consigue
    a. O sometemento da Administración á Lei
    b. O sometemento dos cidadáns á Administración
    c. A independencia da Administración
    d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

**PREGUNTAS DE RESERVA**

R1. Se queremos construír unha granxa para 800 galiñas, é necesario aportar ó concello
  a. Avaliación de impacto ambiental
  b. Avaliación de incidencia ambiental
  c. Estudo ambiental integral
  d. Non é necesaria ningunha das anteriores

R2. As normas de dereito privado, na contratación administrativa
  a. Aplícanse preferentemente
  b. Non teñen virtualidade ningunha
  c. Teñen unha aplicación supletoria
  d. So se aplican ós contratos esencialmente administrativos

R3. O recurso de revisión é:
  a. Unitario
  b. Ordinario
  c. Especial
  d. Extraordinario

R4. A renuncia oral dun administrado a continuar un procedemento:
  a. Pode facerse por calquera medio que permita a súa constancia
  b. Está prohibida
  c. Debe ratificarse en documento público
  d. Pode ser condicionada

R5. A convocatoria de consultas populares debe autorizala
  a. O goberno da nación
  b. O presidente da corporación
  c. A comunidade autónoma
  d. O pleno da Deputación provincial que corresponda

R6. Cal das seguintes non é unha fonte do dereito administrativo
  a. Os Decretos-leis
  b. Os principios xerais do dereito
  c. Os regulamentos do presidente do Goberno
  d. A Constitución